

Unidade didáctica: Que filharmónico estás feito!?

Breve descripción da unidade:

O presente proxecto está pensado para realizar ó longo de 4 sesións, a temporalización estaría dividida en dúas máis teóricas e as prácticas cunhas propostas de retos adaptadas á temática. A unidade didáctica completarase coa visita á exposición organizada pola propia Sociedade Filarmónica de Vigo na sede da Fundación en Policarpo Sanz, sendo esta a última sesión proposta para dar realidade e credibilidade á teoría traballada na clase

A pesar de que o carácter desta asociación filharmónica é predominantemente musical, xa que se adican á promoción da música especialmente dende o aspecto auditivo, a presente unidade didáctica abrangue diferentes áreas curriculares, como as Ciencias Sociais, a Lingua Galega, Matemáticas, Lingua Estranxeira: Inglés e Educación Artística tanto na parte Plástica como Música. É obvio que o desenvolvemento dunha sociedade cultural demanda competencias e conceptos de diversos campos do saber, sendo esta unha das ideas que transmitir ao alumnado: todas as competencias son precisas para levar a cabo un proxecto.

A unidade está preparada para traballar nos últimos cursos da etapa de Educación Primaria, concretamente en 5º e 6º xa que as propostas prácticas resultan máis interesante nestas idades, non obstante a presente planificación non é inamovible e pode ser adaptada ó nivel preciso. Ademais tamén se recolle o traballo en grupo co que poder equilibrar estes agrupamentos de traballo de xeito que resulte enriquecedor para todos.

Elementos curriculares

A nova Lei de educación LOMCE propón o espírito emprendedor como un dos piares fundamentais nos que se sustenta a educación:

“A administración educativa fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.”

É obvio que a creación, hai 100 anos dunha sociedade artística como a Filarmónica de Vigo é un **exemplo de emprendemento** para a nosa sociedade, a través do seu percorrido histórico pódese observar como

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

as situacións sociais da nosa comunidade obrigaron ós enérxicos empresarios musicais da época, a discorrer solucións creativas para a súa supervivencia.

O obxectivo principal desta unidade didáctica é valorar o patrimonio artístico e cultural da cidade na que vivimos, xa que dende hai tempo existe a idea preconcebida de que a cultura é unha materia allea. Ademais o coñecemento de elementos clave da cidade propiciarán un maior apego e valoración dos elementos históricos do patrimonio.

A metodoloxía a utilizar empregará a multidisciplinaridade como un todo; a aprendizaxe construírse sobre o coñecemento previo, empregando recursos xa interiorizados para desenvolver os novos. Este enfoque global defenderá a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, para así conseguir unha aprendizaxe significativa.

Utilizaremos tamén un enfoque heurístico, partindo da **aprendizaxe por descubrimento**, xa que o alumno/a será o axente autodeterminante, seleccionando a información para construír o novo coñecemento. O aumento da dificultade será progresivo, partindo do simple ao complexo.

Ademais non esquecemos outros enfoques como o principio de actividade, o método expositivo para a presentación de novos contidos e as características metodolóxicas básicas da flexibilidade ofrecendo posibilidades a todo o alumnado, integración, participación, motivación, creatividade e as tarefas activas.

A continuación preséntase unha táboa na que se pode observar a relación de contidos, actividades, competencias clave e áreas curriculares.

Contido	Criterios de avaliación	Competencia
		Área de Ciencias sociais
B1.10.Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.	B1.5.Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara as ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSC
B1.14.Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación B1.15.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos	B1.9.Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusivos innovadoras.	CSIEE
B2.7.Características dos	B2.3.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais	CAA

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

principais paisaxes de España e de Europa	elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	
B3.11.Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.	B3.7.Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.	CMCT/CAA
B3.10.Empregabilidade e espírito emprendedor.	B3.8.Comprender os beneficios que ofrece o espírito emprendedor.	CSIEE
B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.	B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	CSC/CCEC
B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.	B4.5.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto cara a súa contorna e a súa cultura, apreciando a herdanza cultural	CSC/CCEC
		Área de Matemáticas
B2.9. Os números decimais: valor de posición.	B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	CMCT/CAA
B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.7. Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.	CMCT/CSC/CSIEE
B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais.	B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá..	CMCT/CAA
		Área de lingua estranxeira: Inglés
B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:	B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	CCL/CSIEE
B5.2 Funcións comunicativas:	B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión	CCL/CSIEE

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

	adeuada do texto.	
		Área de Educación Artística: Plástica
B2.3. Recreación de espazos, aplicando conceptos artísticos básicos (equilibrio e composición).	B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.	CCEC
B2.9. Valoración do patrimonio cultural e artístico para a satisfacción con eles e para a súa conservación.	B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	CD/CAA/CCEC
		Área de Educación Artística: Música
B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	CCL/CCEC
B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade.	B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	CCL/CCEC
B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son.	B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	CCEC
		Área de Lingua e Literatura Galega
B1.6. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta, respecto das opcións de quen fala sen interrupcións inadecuadas, contacto visual).	B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	CCL/CSC
B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións,	B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	CCL/CSC/CCEC

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

assembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións e opcións lingüísticas das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).		
B1.13. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	B1.12. Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL/CSC
B1.15. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, Administración, xustiza, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.	CCL/CSC

Presentación das actividades da Unidade Didáctica:

Primeira sesión: Vigo a principios do século XX

Comezaba a desenvolver unha importante capacidade produtiva en relación a todos os aspectos do mar como a industria de salgadura, os estaleiros e os grandes navíos que transportaban mercadorías e pasaxeiros, conectando a nosa cidade co estranxeiro. O tranvía foi un dos medios de comunicación máis destacables dentro da propia cidade, a intensa actividade dentro da urbe propiciaba o movemento dos veciños dun lado a outro da mesma co fin de poder vivir acontecementos dos que tamén quedaban rexistrados nos periódicos locais, un dos máis antigos vive nos nosos días.

A continuación preséntase o enlace dun quebracabezas onde poderás descubrir parte dunha das rúas máis céntricas da cidade

<http://www.jigsawplanet.com/?rc=play&pid=0602042e2945>

Co desenvolvemento industrial comezaron a crearse elementos propios dunha vida máis acomodada como a creación de Sociedades Culturais, Teatros, Cines, unha Sociedade de Amigos da Ópera, é dicir espazos onde a xente de maior nivel económico se xuntaba para gozar no seu tempo de lecer. A pesar do que se cree

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

moitas destas Sociedades non tiñan un carácter exclusivo, é dicir que eran ambientes onde podía participar case calquera.

Así mesmo, estas actividades deixaron a súa pegada nos edificios, que en moitos casos foron derruídos, pero que grazas as reconstrucións dixitais podemos lembrar neste enlace:

https://www.youtube.com/watch?v=DodHCW-_wGg

Segunda sesión: A actividade cultural de Vigo, o caso da Sociedad Filarmónica da cidade.

A finais do século XIX comezaron a xurdir Sociedades dentro da cidade de Vigo, moitos destes círculos culturais tiñan diferentes focos de interese pero entre todos eles a música era unha constante, en maior ou menor medida. Sen embargo o desexo de mellorar a situación musical da cidade e poder acceder a escoita de moitas das obras musicais que enchían as salas de concerto das grandes capitais levou a un grupo de empresarios a xestionar a chegada de relevantes artistas en torno a teatros como o Tamberlick.



Moitos deses empresarios formaban parte dunha sociedade recreativa coñecida como A Tertulia, á que pertencían os cidadáns máis insignes da urbe. En 1915 crean unha entidade dentro da propia Tertulia coñecida como Sociedade Filarmónica co fin de organizar concertos e promocionar a música. Sen embargo para poder formar parte da Filarmónica era preciso ser membro da Tertulia e os integrantes, co paso dos anos, comezaron a sentir que a vinculación entre ambas non resultaba tan beneficiosa como ó principio. Polo tanto en 1919 comeza a separación da Tertulia para converterse nun círculo independente.

Os primeiros anos de vida da Sociedade son una adaptación rápida á vida viguesa, sendo a súa temporada máis importante en 1925-1926 pola cantidade e calidade de artistas que visitan a nosa cidade. Os primeiros concertos ata 1926 organizáronse no teatro Odeón, por motivos de espazo trasladáronse o teatro Tamberlick que presentaba unha sala con maior capacidade de oíntes.

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

A continuación intenta reproducir a fachada do Teatro Odeón no recadro que se presenta e descríbea coas túas palabras

Imaxe de www.vigopedia.com



Describe ó Teatro Cine Odeón:

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

Tras organizar unha temporada no teatro Tamberlick a entidade trasládase ó Teatro García Barbón, poucos meses despois da súa inauguración, cando este se presentou como o teatro máis importante da cidade. Continuaron a ser bos tempos polo que a Sociedade impulsada pola necesidade de mercar un piano accedeu a compra dunha importante marca, Bechstein, por medio dunha empresa coruñesa que xestionou coa empresa alemá. Así en xaneiro de 1929 José Iturbi, un recoñecido pianista valenciano que triunfara en Estados Unidos como director de orquestra estrea o piano que a día de hoxe contén as rúbricas de moitos dos artistas relevantes que visitaron a Sociedade.

Navarra, do compositor catalán Albeniz, foi a obra pianística máis interpretada na Sociedade Filarmónica, especialmente durante a década dos anos 50. Esta obra está escrita no compás 3/8. Despois de observar as equivalencias dos seguintes compases deduce a que figuras equivalerá os compases que che preguntan.

$\frac{2}{2}$		$\frac{3}{2}$		$\frac{4}{2}$
$\frac{2}{4}$		$\frac{3}{4}$		$\frac{4}{4}$
$\frac{2}{8}$		$\frac{3}{8}$		$\frac{4}{8}$

A continuación observa e repite os ritmos para o motivo A e as súas variantes, e o motivo B

A

B

Observa na partitura do anexo os lugares onde debes interpretar o ritmo A e B e realiza o traballo xunto co seguinte enlace de vídeo.

<https://www.youtube.com/watch?v=uw7D68i4vXE>

A continuación preséntanse unhas imaxes para guiar os motivos onde se pode observar en que partes da partitura é preciso interpretar o motivo A ou B, non se presenta a obra completa xa que resultaría moi

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

extensa, nesta breve presentación pódese facer unha idea de para onde está pensado o acompañamento

The image shows the beginning of a musical score for the piece "NAVARRA" by L. ALBRINGE. The score is in 3/4 time and includes a piano accompaniment and a vocal line. The piano part starts with a "PIANO" dynamic marking. The vocal line is marked "L. ALBRINGE". The score is divided into sections A and B, which are highlighted with red and blue lines respectively. The piano accompaniment features a complex rhythmic pattern with many sixteenth notes and chords.

This image shows a continuation of the musical score for "NAVARRA". It features the same piano accompaniment and vocal lines as the previous image. The piano part continues with its intricate rhythmic texture. The vocal line is also present, with sections A and B highlighted in red and blue. The score is written in a standard musical notation with treble and bass clefs.

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

Terceira sesión: Rexurdindo das propias cinzas

Durante a década dos anos 30 a Sociedade Filarmónica viviu unha etapa na que os socios comezaban a decaer e o número de concertos diminuíu ata case desaparecer, especialmente durante o ano 1935 e 1936.

Buscade en internet tres acontecementos importantes que pasaran durante esas datas na nosa cidade e poñédeas en común cos vosos compañeiros

Non obstante durante o ano 1936 creouse a Orquestra Filarmónica de Vigo en parte grazas ó intenso traballo do seu director Mónico García de la Parra, compositor de Bargas, un pobo de Toledo que chegou a nosa cidade pola proba de oposición que se realizou en 1912 para cubrir a dirección da Banda Municipal de Vigo, para a que foi elixido entre tres aspirantes.

Co seguinte mapa de España calcula a distancia que percorreu o compositor para chegar ata a nosa cidade. Ten en conta a escala para poder atopar a distancia real.

Imaxe: www.miclaseenlanube.wordpress.com

España político. Provincias



Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García



Como xa sabemos a distancia máis curta entre dous puntos é a liña recta, sen embargo en 1912 Mónico García de la Parra non puido chegar ata Vigo dun xeito tan directo. Polo tanto descobre que distancia tivo que percorrer dende Toledo a Pontevedra pasando por Madrid, León e Ourense.

Unha das obras máis interpretadas pola Orquestra da Sociedade e por a maioría das Orquestras que visitaron a Sociedade Filarmónica durante a primeira metade do século XX foi a Obertura dos Mestres Cantores de Nüremberg de Richard Wagner. A continuación propónse a realización dunha guía auditiva atendendo os timbres predominantes que van xurdindo na audición. Para comezar a desenvolvelo recorta os seguintes debuxos propostos e prepara un folio en branco para pegalos a medida que se irán escoitando.

Aquí queda o enlace do vídeo do que se propón a realización do musicograma durante os dous primeiros minutos. É importante que na primeira escoita ó alumnado no teña acceso visual ó mesmo.

https://www.youtube.com/watch?v=22-_FVDnvNU

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García



Cuarta sesión: A predilección dos vigueses polas orquestras.

Dende 1939 a Orquestra que dirixía Mónico García de la Parra formou parte da Sociedad Filarmónica de Vigo, sendo, obviamente o conxunto que máis concertos organizaba para o círculo. Sen embargo unha vez que a contenda bélica foi remitindo os grandes intérpretes que se atopaban na cidade de Vigo, e que viñeran en busca dun lugar máis tranquilo que as grandes cidades, comezaron a volver ás grandes urbes en busca de mellores traballos. Polo que pouco a pouco a Orquestra rebaixou o seu nivel artístico e foi cubrindo como boamente era posible os instrumentos que quedaban libres.

No seu desexo de administrar o mellor posible os presupostos a Xunta Directiva da Sociedade decidiu reducir o cadro de músicos de xeito que se pasou dunha Orquestra Filharmónica a unha de cámara. O seu director non aceptou a modificación e dimitiu do cargo, cumprindo as novas funcións Francisco Rey Ramos.


Coa nova redución do gasto a Sociedade Filarmónica comezou a contratar a chegada de máis artistas, especialmente na década dos 50 e 60 a visita de Orquestras centroeuropeas á nosa cidade é relativamente frecuente.

Xa que o público vigués demandaba a chegada de Orquestras presentamos o seguinte problema:

A Xunta Directiva da Sociedade Filarmónica decide contratar a unha orquestra checa, que países deberá atravesar para chegar ata Vigo? cales son as capitais deses países?

Imaxe: www.carmennugol.wordpress.com

MAPA POLÍTICO DE EUROPA



Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

A día de hoxe a Orquestra Filarmónica Checa conta con 118 músicos, se a Sociedade Viguesa paga por un concerto en Vigo 70.000 euros, se a Orquestra adica un 10% a pagar o seu aloxamento, e cada un deles instálase durante dúas noites nunha habitación individual. Canto custa cada habitación?

Datos	Operacións	Solución

Ademais de pagar o aloxamento a agrupación tamén debe contratar o desprazamento ata a cidade de Vigo, o que supón un 15%, canto gaña cada músico?

Que filharmónico estás feito?! Por Tamar Adán García

Unha vez que chegan á estación do tren debes darlle as indicacións de como chegar ata o Hotel Continental e dende aí ó Teatro García Barbón. Non esquezas que non falan nin galego nin español, polo que deberás darlle as instrucións en inglés.

Instrucións:

From the station to the hotel:

From the hotel to the theatre:

